



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la erradicación de la contaminación y la recuperación definitiva del litoral de A Ribeiriña, en A Pobra do Caramiñal.**

Tras los vertidos de hidrocarburos ocurridos en enero de 2025 en el litoral de A Ribeiriña, en A Pobra do Caramiñal, ahora, un año después, ante las nuevas denuncias de los vecinos y las vecinas de la zona, la Consejería de Medio Ambiente ha confirmado que han vuelto a constatar filtraciones procedentes de los terrenos de la antigua conservera de la «Onza de Oro» en la que Costas había llevado a cabo un proyecto de regeneración.

La Consejería de Medio Ambiente ha informado de que mantuvo una reunión en diciembre con la Dirección General de Calidad Ambiental y Sostenibilidad y Costas, para esclarecer los extremos del proyecto de recuperación acometido desde el Ministerio, y dando un plazo para la presentación de la documentación hasta el mes de marzo.

Queda por tanto constatado que la Administración del Estado ha sido quien ha llevado a cabo las actuaciones de regeneración en el Dominio Público Marítimo Terrestre en el litoral de A Ribeiriña y, por tanto, también es responsable de subsanar las deficiencias detectadas en dicha actuación y dar una solución definitiva, por compleja que sea, a los posibles defectos en la ejecución, así como adoptar medidas para contener los vertidos y erradicar el foco de contaminación. Una reclamación que el BNG ya ha trasladado al Ejecutivo a través de iniciativas en el Congreso de los Diputados.

Por otro lado, debe destacarse que los distintos proyectos desarrollados por la Administración del Estado desde el año 2011 en la zona de A Ribeiriña ya han implicado cambios positivos para los vecinos y las vecinas que llevaban décadas soportando una situación de abandono y progresivo deterioro ambiental. Sin embargo, a la vista está que las actuaciones realizadas en los últimos más de diez años por el Gobierno del Estado no han sido aún suficientes para permitir hablar de una verdadera recuperación de toda la zona litoral de A Ribeiriña. Así, el principal obstáculo en estos momentos para poder avanzar con las mejoras es, sin duda, la antigua nave industrial de HADASA, ubicada en una parcela que en su mayor parte es de titularidad privada y que se encuentra en un avanzado estado de



degradación.

Cabe recordar que la Ley 4/2023, de ordenación y gestión integrada del litoral de Galicia, incluye en su artículo 5.3 una referencia a la colaboración y cooperación entre administraciones. Se establece así que para la implementación de políticas públicas de desarrollo sostenible del litoral, la ejecución de actuaciones estratégicas o la gestión de áreas, espacios o elementos del litoral en los que otras administraciones puedan tener interés, se podrán promover convenios de colaboración y fórmulas de cooperación que favorezcan la adopción de decisiones conjuntas y responsabilidades compartidas. Un concepto que también se contempla en el artículo 116 de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas, que contempla la necesidad de que las administraciones públicas cuyas competencias incidan sobre este ámbito espacial establezcan cauces de colaboración, coordinación y respeto.

Y de eso se trata, de buscar la colaboración entre las administraciones competentes para dar continuidad a las mejoras iniciadas hace años en el lugar de A Ribeiriña, en su litoral, para tomar medidas de protección que permitan que no siga avanzando el deterioro de la zona, y mejorar el medioambiente y el paisaje.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿En qué situación se encuentra el proyecto de recuperación del mismo en el borde litoral de A Ribeiriña, en A Pobra do Caramiñal? ¿Tendrá continuidad?
2. ¿Ha adoptado la Demarcación de Costas medidas para contener los vertidos que se vienen produciendo desde principios de 2025, ponerle una solución definitiva y acabar con la contaminación? ¿De ser así, cuáles?
3. ¿Comparte que la permanencia de la antigua fábrica de HADASA es un obstáculo para la recuperación ambiental de la zona? ¿De ser así, qué actuaciones está dispuesto a llevar a cabo para que los terrenos en los que se asienta puedan pasar a ser de titularidad pública?
4. ¿Qué contactos ha iniciado con la Xunta para avanzar en canales de colaboración y coordinación para la mejora de la calidad ambiental en el litoral de A Ribeiriña?
5. ¿Elaborará, en coordinación con la Xunta de Galicia, un proyecto de continuación de la recuperación iniciada y de regeneración definitiva, que incluya la necesaria adquisición y demolición de la antigua nave industrial de HADASA, que impida que siga avanzando el deterioro de la zona y que contribuya a la mejora del medio y del



paisaje?

Madrid, a 14 de febrero de 2026

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

14 FEB. 2026 12:08:25

Entrada **99661**

Sobre a recuperación definitiva do litoral da Ribeiriña, na Pobra do Caramiñal

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO


O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita** relativas **á erradicación da contaminación e á recuperación definitiva do litoral da Ribeiriña, na Pobra do Caramiñal.**

Despois dos vertidos de hidrocarburos que se produciron en xaneiro de 2025 no litoral da Ribeiriña, na Pobra do Caramiñal, agora, un ano despois, diante das novas denuncias da veciñanza do lugar, a Consellaría de Medio Ambiente ven de confirmar que volveron constatar filtracións procedentes dos terreos da antiga nave conserveira da 'Onza de Oro' en que Costas levara a cabo un proxecto de rexeneración.

A Consellaría de Medio Ambiente informou de que mantivo unha reunión no mes de decembro coa Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sustentabilidade e de Costas, para esclarecer os extremos do proxecto de recuperación acometido desde o Ministerio, e dando prazo para a presentación da documentación até o mes de marzo.

Queda constatado pois que a Administración do Estado foi quen levou a cabo as actuacións de rexeneración no Dominio Público Marítimo Terrestre no litoral da Ribeiriña e, por tanto, é tamén a responsábel de subsanar as deficiencias detectadas nesa actuación e dar solución definitiva, por moi complexa que sexa, aos posíbeis defectos da execución, así como adoptar medidas para conter os vertidos e erradicar o foco de contaminación. Unha reclamación que o BNG ten xa trasladado ao Executivo a través de iniciativas no Congreso dos Deputados.

Por outro lado, debe destacarse que os distintos proxectos desenvolvidos pola Administración estatal dende o ano 2011 na contorna da Ribeiriña implicaron





xa cambios positivos para os veciños e veciñas que levaban décadas soportando unha situación de abandono e progresivo deterioro medioambiental. Con todo, á vista está que as accións realizadas nos máis de dez anos últimos polo Goberno do Estado non foron aínda suficientes para podermos falar dunha verdadeira recuperación de toda a zona litoral da Ribeiriña. Así, o principal obstáculo nestes momentos para poder avanzar coas melloras é, sen dúbida, a antiga nave industrial de HADASA, situada nunha parcela que na súa maioría é de titularidade privada e que se encontra nun avanzado estado de degradación.

Hai que lembrar que a Lei 4/2023, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galiza recolle no artigo 5.3 unha referencia a colaboración e cooperación entre administracións. Estabelécese así que para a implementación de políticas públicas de desenvolvemento sustentable do litoral, a execución de accións estratéxicas ou a xestión de ámbitos, espazos ou elementos do litoral nos cales poidan ter interese outras administracións, poderán promoverse convenios de colaboración e fórmulas de cooperación que favorezan a adopción de decisións conxuntas e de responsabilidades compartidas. Concepto que tamén se contempla no artigo 116 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, que contempla a necesidade de que as Administracións públicas cuxas competencias incidan sobre ese ámbito espacial a establece canles de colaboración, coordinación e respecto.

E disto se trata, de buscar a colaboración entre as administracións competentes para dar continuidade ás melloras que hai anos comezaron no lugar da Ribeiriña, no seu litoral, de tomar medidas de protección que permitan que non siga avanzando a deterioración da zona, que se mellore o medio ambiente e a paisaxe.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. En que situación se encontra o proxecto de recuperación e a execución do mesmo no borde litoral da Ribeiriña, na Pobra do Caramiñal? Terá continuidade?



2. Adoptou a Demarcación de Costas medidas para conter os vertidos que se veñen producindo dende primeiros de 2025, poñerlle solución definitiva e acabar coa contaminación? De ser así cales?
3. Comparte que a permanencia da antiga fábrica de HADASA é un obstáculo para a recuperación ambiental da zona? De ser así, que actuacións está disposto a levar a cabo para que os terreos onde aínda se asenta poidan pasar a ser de titularidade pública?
4. Que contactos ten iniciado coa Xunta para avanzar en canles de colaboración e coordinación para a mellora da calidade ambiental no litoral da Ribeiriña?
5. Elaborará en coordinación coa Xunta da Galiza un proxecto de continuación da recuperación comezada e de rexeneración definitiva, que inclúa a necesaria adquisición e derrube da antiga nave industrial de HADASA, que impida que siga avanzando a deterioración da zona e que contribúa á mellora do medio e da paisaxe?

Madrid, a 14 de febreiro de 2026

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso